



**IES
AGRA
DO
ORZÁN**

11 De Febrero

Día
Internacion
al de la
Mujer y la
Niña en la
Ciencia

AGRACITE

MANIFIESTO CELEBRACIÓN DEL DÍA DE LA MUJER Y LA NIÑA EN LA CIENCIA

2019: (leer en voz alta na clase)

A ciencia e a igualdade de xénero son vitais para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), incluídos na Axenda 2030. Nos últimos 15 anos, a comunidade internacional fixo un gran esforzo inspirando e promovendo a participación das mulleres e as nenas na ciencia. Desafortunadamente, elas seguen enfrontándose a barreiras que lles impiden participar plenamente nesta disciplina. De acordo cun estudo realizado en 14 países, a probabilidade de que as estudantes terminen unha licenciatura, unha maestría e un doutoramento nalgunha materia relacionada coa ciencia é do 18%, 8% e 2%, respectivamente, mentres que a probabilidade para os estudantes masculinos é do 37%, 18% e 6%.

A brecha de xénero nos sectores da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas (STEM) persiste desde hai anos en todo o mundo. A pesar de que a participación das mulleres nas carreiras de grao superior aumentou enormemente, están aínda insuficientemente representadas nestes campos.

Na actualidade, as mulleres e nenas atopan barreiras de moitos tipos, ás veces moi sutís, que dificultan a súa presenza na ciencia. Esta desigualdade é patente na elección dos estudos por parte das nenas e vaise agudizando ao avanzar nas carreiras científicas e tecnolóxicas. Co obxectivo de lograr o acceso e a participación plena e equitativa na ciencia para as mulleres e as nenas, a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e as nenas, o 15 de decembro de 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 11 de febreiro de cada ano como o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.**As**

Nacións Unidas neste Día Internacional insta a que:

- se asuma o compromiso de poñer fin aos prexuízos,
- se invista máis en educación en CTIM para todas as mulleres e as nenas
- se lles ofrezan oportunidades de mellorar as súas perspectivas de carreira e o seu desenvolvemento profesional a máis longo prazo, para que todas as persoas poidan beneficiarse das súas innovadoras contribucións no futuro.

Video Día de la mujer y niña en la ciencia




Pinchar no
vídeo para
reproducilo

<https://mujeresconciencia.com/2017/02/11/hoy-es-el-dia-de-la-mujer-y-la-nina-en-la-ciencia-todos-lo-son/?platform=hootsuite>

<https://11defebrero.org>

@Marsidokument



11 Febrero

Día internacional de la mujer
y la niña en la ciencia

